19. PRAVIO, un horizonte de cruzamentos

INTRODUCIÓN

Os camiños conforman a herdanza dos nosos antepasados, comunican xentes, pobos e ideas e son tamén un bo exemplo de adaptación ás condicións orográficas, segundo o seu uso. A multitude de camiños que xalonan a nosa xeografía son testemuña de usos e costumes e constitúen un todo coas súas estacións e sinais. É por iso que é de vital importancia conservar os camiños tradicionais que conforman un senlleiro elemento do noso patrimonio cultural.

Os camiños non só son a forma física ou o firme polo que se transita senon que tamén son todo un universo de fitos icónicos que teñen que ver co medio ambiente, coa cultura, coa arquitectura civil e relixiosa, coa enxeñería, coa etnografía, toponimia, etc.

FICHA

Nome: Pravio, un horizonte de cruzamentos.Situación: Igrexa de San Xoán.

Accesos: Estrada AC-214

Tipo de roteiro: circular, pequeno percorrido.

Punto de partida-chegada: Igrexa de San Xoán.

Percorrido (rueiros): San Bartolomeu, A Calle, Fontenova, Armental, Carballas, AC-214, Fabás, San Bartolomeu.

Dificultade: Baixa

Tempo estimado: 1 hora aproximadamente

Tipo de firme: Predomina o asfalto.

Propiedade: camiños públicos municipais.

Servizos: Auga potable, contenedores de lixo, aparcamento.

Descrición:

1. Punto de partida: Igrexa de San Xoán de Pravio, rueiro de San Bartolomeu. Partimos do estanco e collemos o desvío á dereita, entrando no rueiro de Calle, onde está a Casa Reitoral, a escola dos pequenos e o Pazo de Pravio.

2. Pasamos O Pazo de Pravio e collemos á esquerda, seguindo o muro de mampostería do Pazo. Cando o muro se separa da estrada, colleremos á esquerda por un camiño de terra. Este camiño tradicional discorre por enriba da pista polideportiva e do Campo da Festa.

3. Desembocamos na estrada asfaltada (estamos no rueiro de Fontenova) e seguimos cara á dereita, primeiro por zona cha e logo o camiño comenza a subir: este é o antigo Camiño do Espiño. Desembocamos noutra estrada onde hai unha empresa de materiais de construción. Collemos á dereita cara ao rueiro de Armental.

4. Chegamos á Fonte e Lavadoiro de Armental e, pouco antes, un desvío á esquerda, por entre construcións tradicionais, nos leva ao Camiño de Detrás da Cerca.

5. O Camiño de Trás da Cerca desemboca noutro estreito camiño asfaltado ata chegar aun novo cruzamento: a antiga Corredoira Fonda, hoxe estrada de Armental a Cela.

6. Seguimos por esa estrada ata chegar á estrada AC-214. Aí, collemos á esquerda. É convinte cruzar polas beirarrúas da outra beira. Estamos no comezo do rueiro de Fabás.

7. Seguimos pola AC-214 (anttiga estrada Ponte do Porco-Muros) ata pasar por diante da Casa do Escudo e da Casa do Bispado, chegando ao punto de partida.

DESCRICIÓN DOS ELEMENTOS PATRIMONIAIS

Roteiro circular que transita polo norte da parroquia con amplas vistas ao val do río Gándara. Mistura, de xeito amable e harmonioso, bonitos exemplares de arquitectura culta e tradicional, así como estupendos exemplares de construcións adxetivas.

-Igrexa de San Xoán: Describe planta rectangular e a fábrica está revocada en branco, menos os esquinais que son de perpiaño. Cuberta a dúas augas e coroamento a través dun esbelto campanario. A porta está enmarcada con perpiaños e un motivo sogueado a xeito de moldura, posiblemente adscrito ao estilo renacentista.

-Reitoral e escola de Pravio: Ubicadas no rueiro de Calle, son dúas construcións pegadas con baixo, un andar e ambas as dúas cun pequeno balcón en voladizo coa base de perpiaño. Un fermoso portalón, que noutrora fora a base dun hórreo, permite o acceso á eira e a zona de horta.

-Pazo de Pravio: Situado no lugar de Calle, o Pazo de Pravio ten a súa orixe no século XVIII, aínda que co paso do tempo engadíronselle diversas construcións e sufriu algunhas modificacións. A imaxe actual é a dun pazo cunha planta en forma de "L", sendo o corpo principal un rectángulo. A fábrica está feita en cachotería con perpiaño nas esquinas e

enmarcando as portas e as fiestras. Unha pedra enfoscada na parte superior dunha das paredes que dá á estrada, denota unha pedra armeira inacabada.

-Fonte e Lavadoiro de Armental: Pequeno lavadoiro e fonte de cemento con columnas cuadrangulares e teito liso.

-Núcleo de Armental: Fermoso núcleo viario, lugar de cruzamento, lugar de Camiño Real, de camiños prehistóricos e de corredoiras fondas. Aínda se pode adiviñar o conxunto de casas tradicionais con todos os elementos adxetivos que as caracterizaban. Durante a II República coñecíase como a "Rusia pequena".

-Hórreo en Carballas: Hórreo de tipo mixto, con tres cepas e torna-ratos de perpiaño. Tres separacións de perpiaño cubertas por madeira de castaño. Cuberta a dúas augas con tella do país e coroamento coa cruz e o estípite.

-Casa do Escudo: gran edificación de planta rectangular con baixo e un andar. Está construída a base de mampostería revocada, excepto nos esquinais e enmarcando as portas e as fiestras. Na fronte que mira á estrada, resalta a pedra armeira que representa unha antiga linaxe. Foi sé da Escola Nacional e tamén, nos seus terrenos, houbo un aserradoiro.

-Casa do Bispado: casona con planta rectangular, balconada, patín e baixo cun andar. Ao patio ou eira accédese por medio dun monumental portalón de estilo neoclásico con tímpano semicircular e xambas marqueteadas con acanaladuras, para subliñar o xogo de volumes.

-Cruceiro de Pravio: Pedestal formado por dúas gradas. Na parte da fronte, partindo da primeira grada, érguese a mesa do ofertorio. No nivel superior aséntase a base que se desprega a través dunha peza paralelepípeda e unha moldura de gola recta. O fuste ou varal é monolítico con sección cuadrangular nos extremos e os bordos rebaixados en bisel no resto.

O capitel ten forma tronco-piramidal invertida de tipo corintio: follas de acanto e volutas. A cruz, rebaixada nos bordos biselados, ten sección cuadrangular e os extremos dos brazos son florenzados. Cristo crucificado e a Virxe das Dores completan este espléndido cruceiro.

TOPONIMIA E MICROTOPONIMIA

-SAN BARTOLOMEU: Nesta zona, detrás da casa do Bispo, houbo un primitivo asentamento medieval posiblemente adicado a San Bartolomeu. Co traslado da Igrexa ao emprazamento actual e o cambio de advocación por San Xoán, ese topónimo permaneceu como único recordo da súa primitiva sé.

-CALLE: A palabra procede do latín "callis" (sendeiro, carreiro). Inicialmente referíase ao carreiro que facían os animais coma as vacas ao pacer. Outra interpretación considera que procede de "calcis" a saber, as pedras de caliza miudas con que se pavimentaban os camiños romanos. Así, viría a significar "carreiro pedregoso ou sendeiro angosto".

-FONTENOVA: Probablemente se trate dun topónimo transparente, como manancial de recente construción. Nas cercanías aparece o topónimo "fonte vella" e dicir, un manancial desaparecido ou deixado de utilizar.

-ARMENTAL: Atopamos dúas interpretacións relacionadas. Por unha banda, significaría "val das pedras de muíño" (harri-mer-tal); pola outra, sería un antropónimo, "Armentarius" e de aí o medieval "Villa Armentarii". Á súa vez, a orixe dese nome persoal atópase no apelativo latino "Armentum" e dicir, "gando bovino".

-CARBALLAS: toponimo de orixe prerromano que designa a esta árbore. Sería un conxunto de carballos de gran tamaño.

-FABÁS: Algunha interpretación considera que procede de "pabana", poboación adoquinada. Pero acostúmase interpretar coma o plural de "fabal", "terra sementada de fabas". Por último, tamén se interpreta como derivada dun antropónimo, "villa Fafilanis", forma en xenitivo do xermánico de "Fafila", indicando o nome do seu posuidor e decir, granxa ou casal cuxo dono é Fafila.

-CAMIÑO DO ESPIÑO: O espiño é un arbusto de pólas espiñosas, frores brancas, de froito ovoide e a pel roxiza. Pertence á familia das rosáceas con frores aserradas. Trátase pois, dun topónimo transparente.

-**PAZO**: Neste caso fai referencia a unha construción pacega galega da nobreza, cuxas notas características son: pedra armeira, capela, patín de entrada...

-CAMIÑO TRÁS DA CERCA: A palabra “camiño” procede do celto-latino “camminus”, unha voz de orixe hispánica que está emparentada co celtíbero “camanon”: “vía construída que se pode percorrer e pola que se pode transitar”. Esta acepción deixou descendencia na meirande parte das línguas romances. A palabra “cerca” fai referencia ao peche dun terreo.

-CORREDOIRA FONDA: “Corredoira” procede do latín vulgar “via curritoria”, do verbo “currere”, correr, pasar. Trátase de camiños de carro que comunicaban as aldeas coas leiras ou labradíos que as rodeaban. No noso Concello son xeralmente “camiños fondos”.

-PRAVIO: Posiblemente, sen esgotar algunha outra interpretación, sexa un antropónimo de orixe prerromano, celta, co significado de “señor”.